Revista do Ateneo Ferrolán ESPECIAL **A CULTURA COMO ALIMENTO CONTRA A CRISE. MAIO - XUÑO - XULLO - AGOSTO 2012**

Ateneo Ferrolán

AteNEA

Nº 44

Ateneo Ferrolán

Ateneo Ferrolán

Sumario

ATENEA **Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº44**
Maio - Xuño - Xullo. Especial "A cultura como alimento contra a crise"
DIRECCION E COORDINACION **Ateneo Ferrolán**
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**
COLABORACIÓNS **AliZia Rapela** (fotografía), **Varja Jovanovič Trobec** (fotografía)


Ateneo Ferrolán



foto AliZia Rapela

EDITORIAL 4

A CULTURA CONTRA A CRISE

Crecen profusamente os medios de información. A prensa, a radio, a televisión e ata Internet, diariamente alimentan o noso cerebro ao que bombardean con noticias, eventos ocorridos, faladoiros, películas, programas e filosofía ou puntos de vista que teñen por obxectivo influír nos nosos razoamentos ou sentimentos.

Apenas ten traballo o noso cerebro. Esa perfecta maquinaria tan pouco coñecida e da que apenas sabemos ou desenvolvemos un quince por cento da mesma. A nosa mente alimentada por informacións dixeridas polos medios de difusión non precisan máis que aceptar ou rexeitar a dixestión que estes nos brindan. A comida está servida. A nosa mente aseméllase a un estómago que se abre ou se pecha para dar entrada ou rexeitamento aos ingredientes elaborados polos medios. Unha preguiza mental aséntase no padal cultural que segue unha normativa costumista de aceptar o bombardeo cotián de mensaxes, análises, programas televisivos e sen que un esforzo cultural poña en marcha a máquina do cerebro.

A nosa vista, o noso oído préstanse a escoitar ou ler as mensaxes que os medios trasladan ao noso cerebro. Parece coma se o exercicio mental seguise un camiño trazado, de fácil percorrido, sen pensar que o cerebro ese eterno e descoñecido elemento corporal, apenas se lle esixe exercicio algún que puidese lograr vivencias que culturicen o espírito e motiven a felicidade, a alegría e a amplitude dun ser cultivado, capaz de crear unha historia, vivila, e gozar coa narración dunha paisaxe ou penetrarse no coñecemento dun determinado personaxe.

Os medios de difusión teñen como obxectivo a súa comercialización. Tratan de influírnos e conseguir máis adeptos que apenas teñen que esforzarse na comida cultural. A comida dánnola diariamente engulida. O noso esforzo mental axústase ao acepto ou rexeitamento dos ideais que mantemos. A culturización pon en marcha a maquinaria do cerebro. O produto que nel recala obriga á dixestión e análise do mesmo, facéndolle abandonar o fácil camiño de dixerir as mensaxes que a diario nos bombardean.

A lectura dun libro ou un xornal somete ás células do cerebro ao traballo dunha comprensión, dunha análise, que forxan a súa propia comida non aceptando necesariamente os produtos diarios que xa engulidos ofrécennos os medios de difusión, e que o noso cerebro non precisa de traballo algún. Mira, escoita, acepta ou desaproba sen entrar na dinámica da culturización que movería á máquina do cerebro a traballar, a dilucidar a comprensión dunha cultura que exercita a hixiene mental, que ofreza o poder do coñecemento e con iso o progreso, a investigación e a innovación.


A apatía, a nebulosa cerebral, implantar como un veo nas nosas mentes que a culturización abriría con entusiasmo para deixar pasar os raios do sol.

A mente ensánchase na comprensión de vivencias, en pensamentos e coñecementos que proporcionan satisfacción, sabedoría e poder. A cultura dun pobo marca o índice de desenvolvemento do mesmo.


Pobo culto proxéctase ao poder. Un poder que ilusiona de forma material ou inmaterial. Unha calidade de vida e un crecemento enriquecedor.

É o poder da culturización: *Pór en marcha o cerebro e a súa intelixencia.*

A Xunta Directiva




Correspondencia con Rubia Barcia. Almas gemelas (1940-1993).
Fundación Eugenio Granell.
Bo exemplo para acercarnos a dúas persoas de indiscutible valía intelectual. Obra dedicada, precisamente, as cartas que intercambiaron o propio Eugenio Granell con José Rubia Barcia.
www.fundacion-granell.org



Estudios Mindonienses. Número 27 - 2011
Diócesis de Mondoñedo-Ferrol
Anuario de estudos e investigacións na área dos estudos históricos e teolóxicos sobre Galicia, con especial incidencia na zona que comprende a Diócises de Moñedo-Ferrol.
www.mondonedoferrol.org/estudiosmindonienses.htm



Ferrol Análisis 26
Club de Prensa de Ferrol
Revista de pensamento e cultura que recolle diferentes traballos e varias áreas temáticas, sobre asuntos e persoaxes notables de Ferrol, con certo proxeción fóra de aqui.
www.clubdeprensadeferrol.com




Veinticinco años en la historia del Ilustre Colegio Provincial de Abogados de A Coruña
César Torres Díaz e Jesús Varela Fraga
Discurso lido o día 18 de febreiro de 2011 na Solenme Sesión de Ingreso do Académico de Número César Torres Días e contestación do Ecmo. Sr. Jesús Varela Fraga



O Secotor Enerxético en Galiza: situación e perspectivas de futuro.
Equipa técnica de FESGA.
Traballo realizado no marco do Proxecto de Investigación sobre a sector enerxético en Galicia financiado pola Deputación da Coruña.




Las representaciones escénicas en Ferrol: 1879 - 1915.
María Eva Ocampo Vigo
Estudio exhaustivo das representacións en Ferrol nos anos sinalados, sentando as bases para completar dita investigación ata a época actual.
www.uned.es



A. Carpo: Testemuño
Alberto Carpo Arbo
Vida e obra do pintor Alberto Carpo



Frei José de Vaquedano e o seu tempo (1642-1711)
Carlos Villanueva
Conmemoración do terceiro centenario do insegne mestre de capela da catedral compostelá frei José de Vaquedano.
www.museodopobo.es



Ateneo Ferrolán

A cultura como alim

ento contra a crise

Ateneo Ferrolán

ALBERTE MOMÁN

lambinlle as arestas
limando os cantos
o frota frota daquel ***Fat Freddy's Cat*** cheo de farturas

-e pasa daí
langrán
que aínda has levar no bico!-
dixera el
daquela que era grande e fermoso
cheo de canto fora quen de roubar

mais
alí eu
apenas erguido
coa mornura das sabas como doce nos beizos
a dedicación xusta
silandeiro
paciente
obviando a indefensión
a inocencia das carnes

frota frota

picando da montaña a pedra
aos poucos
alimentándome de frangullas
repousando entre as pernas
pausadamente
cun arroto de vitoria prendido na gorxa

foto AliZia Rapela


Ateneo Ferrolán

Ateneo Ferrolán

ALFONSO RODRIGUEZ



o ocio e a diversión
dixitalizado para a ocasión
introducidos en canles

os ollos atentos aos escaparates
diversión de sometemento
ocio envelenamento

a cultura elevada
nun ascensor á seguinte planta
consumamos consumimos

ARTURO LEZCANO FERNÁNDEZ



A CULTURA, NAS CRISES DA CIVILIZACIÓN

É preciso plantexar dúas cuestións previas, ás que trataremos de artellar respostas.

Que é a cultura?

Estamos perante unha crise da cultura ou da civilización?

Resposta a).- Cultura é a superación dos reflexos condicionados da especie.

Esta rebeldía é sempre persoal, anque este carácter se produce, tamén sempre, no marco natural dunha colectividade que reviste un pouso histórico de seu, na que o clima, a paisaxe, e sobretodo a lingua diferénciana das outras, todas tan lexítimas como a propia.

Resposta b).- Estamos a sofrir outra crise, certamente cíclica, da civilización dominante.

Que é a civilización?

O contrario da cultura: a desnaturalización en troques da naturalización; o home non "rei da creación", mais a Natureza que chega a ter conciencia de si mesma.

Velaquí o papel cimeiro a desenvolver pola cultura no seo da gallopante crise total da civilización.

A trapela das habíase dicir que retranqueiramente "redes sociais", funciona non como unha tearaña a pequena escala, senón como unha arte de arrastre onde as subespecies todas da internavegación son parceiras de capturas permanentes, que deixan máis ou menos beneficios na cadea da hiperproducción.

O Gran Hermano?

Pois.

O Gran hermano do Orwell, que databa, prematuramente no "1984," e, non obstante, xa, mañá ou axiña en tempo histórico, leva á espionaxe totalitaria dos ollos invisíbeis que todo o ven, vía a ilusoria comunicación global face a face, á "elección" dos dirixentes con toda comodidade, desde calquera local e con só lle cargar a un botón.

A loita, e non a "indignación" difusa, contra o holocausto baixo a dictadura do mercado sedicentemente libre, había ser o camiño ideal, para dar as costas definitivamente á crise da civilización.

Había ser e ha ser.

Sen data.

E a cultura neste *crack* trapalleiramente parcheado?

Non o choromiqueo pola retirada dos mecenádegos "democráticos" das administracións.

Desde a dúbida metódica: o espírito crítico, a diatriba sen concesións.

Sempre cara adiante.

foto AliZia Rapela



le
mos
para n
on ser n
ós. para es
quecer nas p
alabras doutro
s a ficción na qu
e vivimos unha re
alidade demasiado c
ríbel.

BALDO RAMOS

BEATRIZ BARCIA

A DERIVA



XAQUE - MATE ORTOGRÁFICO



AMINATA OU A MULLER QUE SUBIU AO BAOBAB

Observei a todas esas mulleres que acudiran á praza do mercado local.

Mirándome curiosamente, expectantes, para escoitar aquilo que tiña que dicir. No meu foro interno, pensaba que non viría tanta xente. Inconscientemente sabia que estaba a loitar por unha causa perdida onde se supuña que as miñas coetáneas non me apoiarían. Tremín de medo.

De súpeto, recoñecín á miña nai, entre a multitude de mulleres que a rodeaban . O seu sorriso que brillaba mais que o boubou cobrizo que cubria a súa pel ebano, mais fermosa que a miña propia. E coma se a ocasión requiríseo, cubrira os seus brazos de pulseiras de coiro negro e prata vella. Colleita do brazo da miña avoa e as miñas catro irmás, saudándome, en primeira fila, como dicindo : "Animata, filla, agora non te botes atrás, imos, expón o que teñas que dicir, apoiámosche"

E falei. Faleie das mulleres do meu país coa paixón e a rabia que saíron dos meus beizos. Lembrei cando, de pequena, cos libros de historia baixo os meus brazos, pensaba porque nós eramos pobres e o resto do mundo non o era, porque os que tiñan mais, non axudaban aos que tiñan menos, e porque nós as mulleres eramos as mais prexudicadas nesta repartición.

E o meu discurso deu a volta ao mundo: o 8 de Outubro de 1986: "O dereito da muller africana a ser dona da terra que produce"

O meu pai seguiría pensando para que ía servir iso de ser as donas da terra. Pero ela xa sabia que eu era especial. Desde pequena deixaba semi-rematadas as miñas tarefas no campo para achegarme ao baobab xigante onde, cada certo tempo, Ogotemmeli, o godon ancián narraba historias marabillosas que eu asumía como reais, sobre como "o mundo foi creado"

"Ao principio só existia Deus(Amma). O todopoderoso aínda se atopaba dentro do "ovo do mundo", nunha especie de movemento xiratorio continuo. O ovo deu a luz un minúsculo granito no seu centro; pero ao explotar este, a palabra de Deus desenrolouse. Nos restos do ovo, agora unha placenta cósmica, Amma concibiu os primeiros seres con alma, catro parellas de xemelgos. Pero uno dos xemelgos, Ogo, quería gobernar el mesmo. Cos ollos pechados arroxouse á nada, arrastrando consigo un anaco de placenta, que se converteu no planeta Terra. Antes de lanzarse ao baleiro roubou sementes divinas do ceo. Indignado pola súa desobediencia, Amma provocou unha seca nos campos da Terra nos que Ogo plantara as sementes, á vez que lle quitaba a voz. Despois transformoulle nun ser cuadrúpedo: o raposo pálido. Tras aquela acción, Amma decidiu reordenar o universo: sacrificou a Nomo, o irmán xemelgo do raposo pálido. Un río de sangue derramouse no espazo exterior, provocando o nacemento da primeira estrela: Sirio, o embigo do mundo. Cando esta estrela e a súa lúa producen unha eclipse, o pobo dogón -de onde procedía o ancián-celebraba a festa Sigi, o clímax da vida da tribo"

Cando o ancián Ogotemmeli morreu, "unha biblioteca desapareceu, sen necesidade de que as chamas acaben co papel" as súas historias máxicas desvanecéronse. Nin sequera puideron ser substituídas por outras que Helene contaba na escola, nun inintelixible idioma, que me esforcei en comprender. Quería coñecer que ocorreu cos outros dous xemelgos de Ogotemmeli, pero Helene non coñecía aquela historia. Ante a miña desilusión, tentou contarme historias, para meu parecer, insípidas, porque non estaban acompañadas de brazos e pernas voadoras nin ritmos de tambores, pero historias que ao final chegaron a min a través de letras de papel, coa única diferenza que podía transportar esas historias ao baobab do pobo.

-Eses libros europeos, comeranche a cabeza- dicía a miña avoa cando lle recitaba de corrido a ela e as miñas irmás os contos europeos de Hélene. Uns trasgos que fabricaban zapatos pola noite, unha bruxa que se miraba nun espello querendo ser a mais bela, un coello que chega tarde á hora do té. A miña nai calaba, pero secretamente ría.

Ao meu pai non lle parecía ben que a súa filla fose á escola. Para el era unha perda de tempo. Mesmo cando me esforzaba en sacar boas notas e acceder a bolsas para seguir estudando. A miña nai seguía calando, pero traíame ás agachadas libros "Eses europeos que tanto che gustan",dicíame, sacándoos de debaixo do seu vestido laranxa que imitaba os amenceres da nosa terra.

Os contos de papel de Helene terminaron, pero chegaron esoutros que seguía devorando baixo o baobab. A miña nai deixábame enfrascada nas miñas letras, se lle axudaba polo día coas tarefas do campo. E empecei a observar centos de amenceres de mulleres nas terras, traballando, loitando e morrendo por algo que nunca lles pertencería. E deixei o meu cómodo asento do baobab para subirme a el e gritar.

E asi foi coñecida no mundo: "A muller que subiu ao baobab e gritou polos dereitos das mulleres"



BEATRIZ GUERRA

FRAN LAREO

TROVADOR



A DERRADEIRA CLASE

Sentabámonos todos ao redor del coa cunquiña na man, algúns nas cadeiras, os maiores, os outros no chan, a maioría. Mirábanos con xesto canso e suspiraba, parecía buscar folgos no interior, algunha reserva secreta, algo que lle permitise comezar. Ao principio falaba baixiño, pero ao pouco entusiasmábase e enredábase nalgunha explicación apaixonada que nos atrapaba totalmente, tanto que nos distraía da escasa comida e disipábanos a fame. Xesticulaba, facíanos preguntas sen resposta fácil, e as veces incluso bosquexaba algún garabullo na terra para apoiar o que estaba a contarnos. Facíanos cavilar e rir a ratos iguais. Non sempre comprendiamos totalmente o que quería transmitirmos, pero sempre tiñamos a sensación de que era importante.

Así pasabamos as noites con el, ata que nos mandaban ir para a cama, á que íamos arrastrando os pes e murmurando polo baixo. Marchabamos a durmir coa cabeza chea de imaxes, de preguntas, que despois aparecían nos nosos soños, adornados coa creatividade da mente infantil. O tempo pasaba moi rápido nestas ceas, e eu consumía os días anhelando que chegase ese momento, aínda que nunca llo dixen a ninguén. A hora da clase chamabámoslle.

Os mais novos andabamos as veces a facerlle mofa, terxiversando as súas sentencias máis repetidas ou imitando o seu falar. Os maiores reprendíannos cando nos cachaban, sen moita severidade, pero cunha convicción oculta e un aire solemne que espertaban a miña curiosidade. Cando estiven algo máis crecida adiviñei en min esa mesma actitude, e ese descubrimento encheume de orgullo.

Seica a memoria fai asociacións falsas, pero teño a sensación de que daquela foi cando faltou a súa cita con nós por vez primeira. Unha noite a nai deunos a cada un a cadansúa cunquiña, mandáronnos ao recuncho e marchou sen dicir palabra. Pero el non estaba na cadeira de sempre. Ninguén se atreveu a sentarse nela, e así comemos en silencio, mirándonos uns aos outros e ollando a un tempo a cadeira baleira, coma intentando achar alí a resposta a ese misterio. Os maiores estaban algo tensos e mirándose entre eles. De repente un deles ollou cara min e adiviñei o seu pensamento. Algo malo lle ocorrera.

Nunca sentín tanto medo coma entón. Non era normal a súa ausencia. Supliquei no meu pensamento que o motivo desta fose banal e benigno, pero sabía no meu interior que iso era moi improbable. Ao día seguinte tampouco veu. Ao seguinte decidín facer algo e entrei sen permiso no seu cuarto. Sabía que non debía, e que se me atopaban alí levaría unha tunda, pero as ansias de saber foron máis fortes. Atopeino prostrado na cama e sentín que respiraba con dificultade. Non fixen ruído algún, pero dalgún xeito presentiume e mirou xusto ao lugar no que eu me atopaba. Sorriu e tendeu a man. Deixei que me acariñase e devolvinlle o sorriso. Non dixemos nada, e cando quedou durmido outra vez marchei, cun rebulir dentro.


Esa noite leváronnos a cear ao seu cuarto. Estabamos expectantes, emocionados, nerviosos. Os pequenos rían a cada rato, os maiores mostrábanse o máis sobrios que eu nunca vira. Eu sentei ao seu carón. Contounos unha das súas historias fantásticas, de viaxes e aventuras. Rímonos ata non poder máis, pasamos medo nalgún momento, mergullámonos nun mundo de fantasía e ilusión. Alimento para a alma, que dicía el.

Ben entrada a noite mandáronnos durmir, o que fixemos logo de moito protestar e de moi mala gana. Ao marchar da habitación algo me fixo dar volta e mirar á cama. Foi entón cando o vin pechar os ollos, cun sorriso doce nos beizos e a expresión serena.

foto Varja Jovanović

Ateneo Ferrolán

IRENE QUINTEIRO BLANCO



Ateneo Ferrolán

JAVIER MASEDA RODRÍGUEZ



O CAMBIADOR

Cabeza espeluxada e peliños no bigote, máis suxestión que poboación; antiparras por gafas, das barateiras con moita pasta, que máis que ver, apareces; camisa de franela de libre albedrío, conxuntada con todo e con nada, atemporal e leñadora; e, cómo non, pantalón de pana con pulcra división fronteiriza de raia ó medio, como separando a perna dereita da esquerda. Xa poden imaxinar…, estética de máquina de escribir, de libros pouco virtuáis e de cartas manuscritas, propia dun individuo que lle gusta a sopa por ser de letras, e o escrito porque escrito está, e xa non tanto as imaxes, claro, que valen menos que mil palabras.

Soñador con letras maiúsculas e de frases por facer, só quería transformar o mundo, pouco a pouco e boa letra. E non se lle ocorre outra cousa que pechar listas nas listas pechadas (¿ou eran tontas pechadas?), bendito inocente con dúas patas, que entre escano e escaso quixo poñer os puntos sobre os ís e unha letra detrás da outra…, que a única solución a tanta prima e a tanto risco era, pobre iluso, cambiar o pan pola literatura e o circo pola filosofía e o latín, que a diferencia entre un año que bala e unha persoa que fala son os tils e as comas… Cómo senón se pode converter a so, son un asno, isto é, a un individuo que, en soidade, non é máis que unha acémila ignorante, en só son un asno, reflexión filosófica de aquel sabio que, na súa sabedoría, amosa a súa pequenez no universo…!

Querido amigo de la circunscripción, berraron todos hemiciclo en man, non esquezas que pensar da febre e educar queimazón…, non vaia ser que deixen de dar crédito ós que xa non teñen crédito, ou que empecen a abrir listas ós listos…, que a educación non é boa se queremos que se desmarquen das marcas, ou que se liberen deixando de liberar móbeis…, que é unha felicidade ver ós nosos feligreses fanáticos dos novos aristóteles dos banquiños… A ver se imos ter que sentar nese banquiño ós que fan os bancos, ou a eses cargos electos nada selectos, que hai moitos ceros á esquerda con moitos ceros á dereita… Pensa que hai que coidar ós amantes dos animáis que sementan de abono as leiras da rúa, ou ós ecoloxistas que tiran papéis ó chan…, que qué é iso de menoscabar o exercicio da liberdade de expresión daqueles que berran polas noites e non deixan durmir… Cala, cala…, non vaia ser que os señores votantes se convertan en señores botantes, que non sei qué ten de malo que sigan confundindo ter unha empanada con ser propietario dela, que nada ten que ver posesión con embotamento maior…

Lembra, querido amigo de la circunscripción, que agora estás xogando outro partido, o partido de todos os partidos, e que estás a outras cousas, que agora tes que saber dicir si cando é non, e non cando é si, e debes poñerte a dietas para non apretar o cinturón, que o pobo sí pero vai en coche… E nada, nada…, que xa tes aquí a garabata, que non dignifica ideas pero fainas máis elegantes; unhas gafas de deseño e chaqueta de quita e pon, agora sí agora non, con camisa a xogo para facer o xogo, non importa a cor; e non esquezas o pantalón de pana, que depende da ocasión: pobo si, bancos e banquetes non…

Xa ven, mudanza da raia ó medio, dende o pantalón de pana á cabeza, pobre representante na súa representación!

Non puido cambiar nada, a verdade, e, orellas baixas e cara de tonto, o tonto saíuse das tontas e regresóu á súa tribuna menos mediática, á súa máquina de escribir e ós seus libros pouco virtuáis, a vestirse coa cabeza empezando polos pes, de novo todo espeluxado e peliños no bigote. E aí o teñen outra vez, fustigando ó mando e loitando para que non se convirta en monda, suxo vertedeiro de verbos mal conxugados, que fan falla menos vocáis e moitas máis consoantes, subir o listón entre tanto listín, e, por suposto, sentarse á mesa a educar á masa, que só así haberá menos obras de teatro e máis ensaio crítico…

Xa o ven, transformando o mundo palabra por palabra, de novo camisa de franela e pantalón de pana, punto e raia (ó medio) para cortar polo san…, como saído de súpeto dun cambiador.

foto AliZia Rapela

DA TRAXEDIA GREGA AO GAIÁS

no monte gaiás
a chamada cidade da cultura
de ser rematada algun triste dia
vista desde as nubes
cos seus faraonicos edificios
este chamado principal legado de fraga
pode ter forma de vieira
cecais para que os peregrinos
que veñan en avion non se perdan pois
pero din que non hai cartos
para rematar este pseudo mausoleo

un dos edificios que se rexeitan
é o gran teatro da opera
pero acá non precisamos
das clasicas traxedias gregas

O GAIÁS E A TRAXEDIA GALEGA

ai triste monte gaiás
ai chamada cidade da cultura
acá nós non precisamos
das clasicas traxedias gregas
que xa temos as nosas ben reais
desde os incendios ao chapapote
pasando por fraga e feijóo

o monte gaiás e os incendios
esa chamada cidade da cultura
que se leva os cartos que non hai
para a cultura de base e a educacion
e para previr e apagar os lumes

o gaiás e os incendios
ai gaia gaia

MANOLO PIPAS

A TRAXEDIA DE DIAZ PARDO

isaac diaz pardo
o home o compañeiro o activista
o traballador o artista a memoria

morreu o mestre galeguista
o republicano o represaliado
e a sua obra o seu legado
de ediciós do castro a sargadelos
o seu traballo roubado

lembrome de velo hai anos
varias veces polas ruas
e prazas da sua compostela
sempre so e triste camiñando
cos seus fracasos coa sua memoria

morreu o mestre diaz pardo
e tamen nestas invernais datas
mataron a consellería de cultura
sen atreverse a enterrala
cos seus merecidos honores
no mausoleo cimeterio do monte gaiás

por isaac diaz pardo e por este feito
coma no cadro do mestre

alguns estamos *alporizados*

foto Varja Jovanovič

MARIA ONEGA

-Qué hai?
-Spam, só spam.

1.Ano 1945. Residencia dos señores pythom. Casa de estilo xeorxiano que coñeceu días mellores. No comedor de diario, sobor mesa de nogueira labrada, e a luz de candeeiro de prata -corte de subministro eléctrico indefinido- brilan as últimas pezas da vaixela Spode Blue Italian que conserva a familia, autentica vaixela bone china. O señor Pythom xa entreveu a lata de "spiced-ham" e sospeita que cearán o mesmo de sempre ,ainda así pregunta:

-Qué hai?

2. Ano 2012, apartamento dos Monty. Grandes ventanais ata o chan, liñas rectas, cores acromáticas con detalles en vermello. Nunha esquina, mesa de diseño último modelo para ordenador de última xeración, con gadgets a xogo. Unha muller xoven sentada frente a pantalla picotea co rato aquí e acolá. O señor Monty bota unha ollada distraída cara a ela e pregunta:

-Qué hai?

Lixo, lixo por todas partes.


Ateneo Ferrolán



Ateneo Ferrolán



foto AliZia Rapela

Ateneo Ferrolán

foto Varja Jovanovič



MARIO MARCOS PARDO

A CULTURA NOS LIBERA

A Rata Santa María Encoronada era unha nave da Armada Invencible, afundiu no 1588 en Irlanda. Eire. Turba. Termia. 1000 kilocalorías. O meu pai é profe nun instituto. Nós somos miles. O gaélico se morre. †. O galego tamén. †. Nunca le un libro, mais cobra. Iso é cultura. Tres son as do Libro. Xeados dunha bola ou de ningunha, consumicións na fonte da praia. Existen moitas especies en perigo de extinción. A cultura nos libera, coma o traballo. Fagamos agora o ademán de significado obsceno e despectivo que se fai coa man, estendendo o dedo maior entre o furabolos e o anular dobrados; á vez levántase o brazo e golpéase en el coa outra man. Non pases, non é lintel. É unha guillotina.

MARISOL GÁNDA

PACTO SOCIAL

Accedemos á expropiación parcial dos desexos
en favor do dogma relixioso
e os soños postergamos
atendendo a recta psicoloxía.

Atenuamos o ímpeto violento deste animal,
media natureza,
polo ben de sociedades ou estatísticas
e despoxámonos dos erros da boca
para ledicia da sintaxe e a morfoloxía.

Minguamos en cada espazo de nós
e só a veces,
a liberdade das ideas,
a recóndita esfera,
a outra media natureza que é a loucura ou os soños,
serven de consolo
para finxir que algo nos queda.

SER HUMANO

Ser neutro
cuestionarse agora ese home
ou un adxectivo que me condiciona a esa humanidade,
concepto hipotecándose impaciente tralas ás dun soño.

Ser neutro,
esparexer ao aire este animal tan contido
esa aparencia de natureza razoada
ese personaxe impaciente agochado trala etimoloxía.
Aparecer
persoa
e que toda esta carne e este instinto non se erga,
non se excite
non clame.

Ser neutro,
nin cóncavo nin convexo
poliédrica de perfil en primeiro plano,
poderosa,
alentando pola boca e polo nariz a un tempo
resistindo aínda
forza asexuada baixo o firmamento.

RA



Lingua da terra escrava,
o silencio, xa chega,
as árbores esquecen,
Galiza triste pecha.

Só vexo grises tebras
nas mans, nos pés, nos peitos
agochados nas pedras.

O silencio, xa chega,
e leva ás súas costas
un traidor que renega.

Só vexo negras sombras
nos corpos nus, nas ialmas,
nas durmidas consciencias.

As árbores esquecen,
un feble verso agroma,
un berro na soleira.

Só vexo falsa ollada
nas mans, nos pés, nos peitos
agochados nas pedras.

Galiza triste pecha.

Unha cóbrega aniña
na imaxe onde durmida
rompe come vertebras.

Só vexo merdento ego
nos corpos, nas ialmas,
nas durmidas consciencias.

Galiza triste pecha.
Galiza triste pecha.

O TECIDO DA CRISE

Para algúns é unha aventura
onde os bancos son muíños
que moen os nosos soños
dende as grandes alturas.

Para outros é unha desgraza
que só produce amoladuras;
estes fanse máis pequenos
e rematan sendo esculturas.

Outros, os menos, decidimos
combater coa cultura,
unha espada de longo fío
e ialma moi dura.

Resistimos os embates
desta terrible criatura
coa calor dos nosos ollos
e a forza da escritura.

Non tememos a censura
nin crebar a partitura,
rímonos dos carteis que rezan:
"en busca e captura".

Somos inimigos do sistema
somos do punto a sutura;
somos a verde porta ,
non sabemos de fechaduras.

E é por isto que poida
que nos pasen factura.
pero quen son eses tipos
que soben a temperatura?

Aquí estamos agardando
dános igual a tortura
berramos ben forte:
contra a crise… **CULTURA**!!

MIGUEL ANGEL ALONSO DIZ

INCULTURA

Raioleiro chegará o dia
Inxectado de vida,
Sangrando polos poros
E cheo de ledicia.

mentres agardamos que a incultura sexa vencida
seguimos loitando nesta longa noite durmida.



foto AliZia Rapela


Ateneo Ferrolán
PIENSO LUEGO
INSISTO
ONE LOVE
DEMOCRACIA
Quechua

ROCIO LEDESMA COBELO

FAME DE COÑECEMETO

Hoxe mesturamos diñeiro
con felicidade e violencia
unha bomba rechea de ignorancia
mal dixerida na xente que ten medo.

Póñense na mesa millóns de cartos,
que destrúen a lembranza dos vellos
que satisfán aos banqueiros
como queixo nas trampas para ratos.

Se tes fame de arte
de imaxes que conmoven o teu espírito
proba pratos combinados de libros
cocidos no forno bibliotecario.

Se tes sede
verte litros de música
na copa de instrumentos
sobremesa para os teus inquedos oídos.

Fame de coñecemento
alimento cheo de sabedoría
condimentado de pensamento
enriquecen a nosa memoria
contra a incerteza conxelada
na neveira dunha crise económica.




foto Varja Jovanovič



foto Varja Jovanovič

Ateneo Ferrolán

Ó longo dun poema
hai moitos intres tráxicos.
A cultura na picota
e o oprobio nos corazóns.
Dardos e ameazas,
perfidias, imposturas.
Non vale nada,
de nada serve,
non hai mercado.
Desamparada e cativa,
a ninguén interesa.

Terra nosa, terra nosa,
non olles máis pra aló,
soérguete ante os sentinelas
que che furtan o abrente do sol!
Cultura?
Cultura?
Pois tamén eu digo fragas,
digo leite, agro, ríos,
aeroportos, aluminios,
estaleiros, pesca…
Ó final nada cambia.
Todo está no mesmo fol.
Hai un home que mete a man
e vai sacando canto lle cadra
segundo lle conveña
ata que non fique ren.
Entón é cando eu digo
reconversión, lume,
chapapote, cuota,
emigración, glotofaxia,
porcalladas.
Trangalladas que nos fan engulir
para que nos preste o conto.
Cultura na picota.
Oprobio nos corazóns.

OPROBIO NOS CORAZÓNS

TITO PÉREZ PÉREZ

Ateneo Ferrolán

XOÁN CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE



GAIÁS

billóns de cemento
en incomunicación
con invisíbeis fíos
de plastilina
subterráneos

toneladas de pedra
de importación
non do país

que importa

destellos de cultura exótica
fillos da plastilina
simultáneos

túneles con vísceras antropófagas
sen conciencia

cara escura
do poder sen ciencia
na penumbra

fame de poder alimenta
amplos espectros de firmamento
sen luces

o prisma compacto dos tempos
opacos usa con liberdade

tecnocrática letra

ringleira torta invisíbel
de chapapote para encubrir
o escaparate das vaidades
do poder que abusa

menos palabras
austeridade

construídas de cemento
insinceridade

menos palabras
con formigón
crise

erguidas no esqueleto
do andamio
tise

a cidade da cultura é un despilfarro
de cores e formas

letras retorcidas

ao límite

sen orzamentar

o ollar de George Grosz
+

arremuíñase no máis alto
a proxección do esperpento

monicreques de plastilina
moven invisíbeis fíos do poder

des-*prestige*

a contra-cultura
voa no labirinto dos espazos en branco.

foto AliZia Rapela




foto Varja Jovanovič



R FAVOR

XOGAR

ADRC

SOCI@S

A longa historia do Ateneo fundamentase nos socios e socias da entidade, que ao longo de mais de cento trinta anos enriqueceron e animaron a vida ateneística dunha forma brillante e entusiasta. Auténtica expresión de diversidade e pluralidade na expresión de ideas e exemplo de convivencia e sociabilidade.

Para unha mellor comunicación precisamos ter os datos ao día, polo que PEDIMOS que envíedes un correo electrónico a **secretaria@ateneoferrolan.org** se tedes que actualizalos e, así mesmo, engadiros á LISTA DE CORREOS DESTA ENTIDADE.

Ateneo Ferrolán


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202, Ferrol
www.ateneoferrolan.org